

# **PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA**

**4º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**CEIP A LAXE**

| <b>ÍNDICE</b>   | <b>PÁXINA</b> |
|---|---------------|
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....  | 2             |
| 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....                      | 2             |
| 3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS.....  | 6             |
| 4. CONCRECIÓN CURRICULAR.....   | 7             |
| 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....   | 24            |
| 6. MATERIAIS E RECURSOS.....  | 25            |
| 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....                          | 26            |
| 8. AVALIACIÓN INICIAL .....   | 35            |
| 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....   | 36            |
| 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 37            |
| 11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....                                  | 38            |

12. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.....

38

---

## **1.INTRODUCCIÓN**

O grupo de 4º está formado por 9 alumnos. Comparten aula co grupo de 3º. polo que vai ser preciso facer unha boa análise para atopar agrupamentos que faciliten unha boa dinámica de grupo e ao mesmo tempo promovan relacións interpersoais que favorezan o traballo de aula.

O centro está ubicado na zona rural e o nivel socio económico e cultural das familias é medio-baixo, polo que cómpre compensar cos recursos da escola as carencias que presenta o alumnado. Aínda hai zonas que non dispoñen de conexión a internet e o transporte público é deficiente para comunicar os lugares da zona de influencia do centro con Ferrol. Bastantes alumnos e alumnas do centro acoden ás actividades extra escolares ofertadas desde o centro polo concello, e algúns tamén asisten a outras actividades fóra do colexio.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **▪ Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

### **▪ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendabilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

COMPETENCIA CD

| ESTÁNDAR  |
|---|
| PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. |
| PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple( mensaxes, notas, correos...) en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.  |
| PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.  |

COMPETENCIA CL

| ESTÁNDAR  |
|---|
| PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

|   |
|---|
|   |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.   |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. |
| PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral   |
| PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.   |

COMPETENCIA CEC

|   |
|---|
| ESTÁNDAR  |
| PLEB5.13 Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |

COMPETENCIA SIEE

|  |
|--|
| ESTÁNDAR   |
| PLEB5. 13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. |

COMPETENCIA CSC

|  |
|--|
| ESTÁNDAR   |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos |

propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

#### COMPETENCIA AA

#### ESTÁNDAR

PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.

### **3. OBXECTIVOS**

b/ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c/ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

f/ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolvemento en situacións cotiás.

i/ Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.



**4. CONCRECIÓN CURRICULAR**

| OBX.  | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.     | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|--|--|------------|----------------|------|-------------|
| <b>BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS</b> |   |  |  |            |                |      |             |
| b<br>f                                      | <p>B1.1. Estratexias de comprensión: Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación. Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.</p> | <p>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias,- articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.</p> <p>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.</p> | <p>PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.</p>                         | CCL        | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|   |   |  | <p>PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</p> | CCL        | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |
|   |   |  | <p>PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</p>  | CCL<br>CAA | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.     | TRIMESTRE | PESO | GRAO MÍNIMO |
|------|--|--|--|------------|-----------|------|-------------|
|      | Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua | B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos | PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | CCL<br>CSC | 1º        | 2%   | 1%          |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.             | TRIMESTRE               | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|---|---|--|--------------------|-------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</p> <p>Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións)de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p> <p>Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.</p> <p>Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados,</p> | <p>diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p> | <p>PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.</p> | <p>CCL<br/>CSC</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |

| OBX.  | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.     | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|---|---|--|--|------------|----------------|------|-------------|
| <b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b> |   |  |  |            |                |      |             |
| b<br>c<br>i                                 | <p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b><br/>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</p> <p><b>Execución:</b><br/>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br/>Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..<br/>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br/>Recoñecer e usar progresivamente léxico,</p> | <p><b>B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).</b></p> <p><b>B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</b></p> <p><b>B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</b></p> <p><b>B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</b></p> | <p>PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p> | CCL<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|   |   |  | <p>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.</p>   | CCL        | 1º             | 3%   | 1,5%        |
|   |   |  | <p>PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.</p>   | CSC        | 2º             | 2%   | 1%          |
|   |   |  | <p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).</p>   | CCL<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |
|   |   |  | <p>PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.</p>  | CSC        | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | CC.CC.     | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|------|---|-------------------------|---|------------|----------------|------|-------------|
|      | formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar |                         | PLEB2.8. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | CCL<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.     | TRIMESTRE        | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|--|-------------------------|--|------------|------------------|-----------|-------------|
|      | <p>funcións previamente traballadas.</p> <p>Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.</p> <p>Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.</p> <p>Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.</p> <p>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:</p> <p>    Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e</p> |                         | <p>PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</p> | <p>CCL</p> | <p>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |

| OBX.   | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.       | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|--|--|---|--|--------------|----------------|------|-------------|
| <b>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b> |  |   |  |              |                |      |             |
| b<br>f   | <p><b>B3.1. Estratexias de comprensión:</b><br/>Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.<br/>Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.<br/>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br/>Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula...<br/>Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.<br/>Captación da idea global e identificación de elementos</p> | <p><b>B3.1.</b> Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br/><b>B3.2.</b> Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.<br/><b>B3.3.</b> Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</p> | PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.  | CCL          | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |  |   | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.- | CCL          | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |  |   | PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.   | CCL<br>CAA   | 3º             | 2%   | 1%          |
|  |  |   | PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.   | CCL<br>CSIEE | 2º<br>3º       | 2%   | 1%          |
|  |  |   | PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.  | CCL<br>CAA   | 1º             | 3%   | 1,5%        |
|  |  |   | PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.  | CCL<br>CSIEE | 1º             | 2%   | 1%          |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE                                    | CC.CC.     | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|------|--|-------------------------|--|------------|----------------|------|-------------|
|      | máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como |                         | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | CCL<br>CAA | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | CC.CC.               | TRIMESTRE               | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|---|-------------------------|---|----------------------|-------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.</p> <p>Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).</p> <p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:</p> <p>Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.</p> <p>Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e</p> |                         | <p>PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</p> | <p>CCL<br/>CSIEE</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |

| OBX.   | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC. | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|--|---|--|--|--------|----------------|------|-------------|
| <b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b> |   |  |  |        |                |      |             |
| b<br>f<br>i                                    | <p><b>B4.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <p>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ...</p> <p>Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.</p> <p><b>Execución:</b></p> <p>Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.</p> <p>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.</p> <p>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en</p> | <p><b>B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</b></p> <p><b>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</b></p> <p><b>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</b></p> <p><b>B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.</b></p> | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.   | CCL    | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |   |  | PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.  | CCL    | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |   |  | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).                                | CCL    | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |   |  | PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).  | CCL    | 3º             | 2%   | 1%          |
|  |   |  | PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. | CCL    | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | CC.CC.           | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|------|--|-------------------------|---|------------------|----------------|------|-------------|
|      | <p>interaccións orais e de lectura.</p> <p>Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.</p> <p>Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a</p> |                         | PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.                | CCL              | 3º             | 2%   | 1%          |
|      |  |                         | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | CCL<br>CD<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|      |  |                         | PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.  | CCL<br>CD        | 3º             | 2%   | 1%          |
|      |  |                         | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.                                   | CAA<br>CSIEE     | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |

| OBX. | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.             | TRIMESTRE               | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|---|-------------------------|--|--------------------|-------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.</p> <p>Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.</p> <p>Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).</p> <p>Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>    Uso dos signos de puntuación máis básicos.</li> <li>    Uso de símbolos de uso</li> </ul> </li> </ul> |                         | <p>PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</p> | <p>CCL<br/>CAA</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX.   | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.            | TRIMESTRE      | PESO | GRAO MÍNIMO |
|--|---|---|--|-------------------|----------------|------|-------------|
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b> |   |   |  |                   |                |      |             |
| b<br>f   | <p><b>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</b><br/>                     Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.<br/>                     Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.<br/>                     Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.<br/>                     Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.</p> <p><b>B5.2. Funcións comunicativas:</b><br/>                     Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer,</p> | <p><b>B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</b><br/> <b>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.</b><br/> <b>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.</b><br/> <b>B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</b><br/> <b>B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.</b><br/> <b>B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.</b><br/> <b>B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a</b></p> | <p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p> | CCL<br>CAA<br>CSC | 1º<br>2º<br>3º | 3%   | 1,5%        |
|  |   |   | <p>PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</p>   | CCL<br>CSC        | 1º             | 2%   | 1%          |
|  |   |   | <p>PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.</p>   | CCL<br>CAA<br>CSC | 1º             | 3%   | 1,5%        |
|  |   |   | <p>PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.</p>   | CCL<br>CSC        | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |
|  |   |   | <p>PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...</p>   | CCL               | 1º<br>2º<br>3º | 2%   | 1%          |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.             | TRIMESTRE               | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|---|--|--|--------------------|-------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>despedirse, dirixirse aos demais.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.</p> <p>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.</p> <p>Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.</p> <p>Descrición das rutinas diarias.</p> | <p>preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.</p> <p>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).</p> <p>B5.10. Mostrar un control-sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p> <p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións</p> | <p>PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).</p>                     | <p>CCL<br/>CSC</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |
|      |   |  | <p>PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</p>              | <p>CCL<br/>CSC</p> | <p>2º</p>               | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |
|      |   |  | <p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p> | <p>CCL</p>         | <p>2º<br/>3º</p>        | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |
|      |   |  | <p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</p>  | <p>CCL</p>         | <p>2º</p>               | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |
|      |   |  | <p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</p>  | <p>CCL<br/>CAA</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>3%</p> | <p>1,5%</p> |

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 4º E.P.

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.             | TRIMESTRE               | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|--|---|--|--------------------|-------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas en</p> | <p>comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</p> <p>B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou</p> | <p>PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p> | <p>CCL<br/>CAA</p> | <p>1º<br/>2º<br/>3º</p> | <p>2%</p> | <p>1%</p>   |

| OBX. | CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | CC.CC.                | TRIMESTRE                     | PESO      | GRAO MÍNIMO |
|------|--|---|--|-----------------------|-------------------------------|-----------|-------------|
|      | <p>relación a operacións de compravenda.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.</p> <p>Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.</p> <p>Descrición de persoas, plantas e animais.</p> <p>Expresión básica de desexos.</p> <p>Formulación de preguntas sobre o desexo.</p> <p>Expresión de instrucións.</p> <p>Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.</p> <p>B1.4. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <p>Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine,</p> | <p>multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).</p> <p>B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.</p> | <p>PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.</p> | <p>CCL</p> <p>CAA</p> | <p>1º</p> <p>2º</p> <p>3º</p> | <p>3%</p> | <p>1,5%</p> |





## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

### **Bases metodolóxicas:**

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. En cada unha das unidades hai unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do mestre. Esta intervención será activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.**

O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxiranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe;** empregárase un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiables para cada unidade, que permitirán ao mestre anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades inter relacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse senon en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro**

- Vídeo
- TV
- Radiocasete/ reprodutor CD
- Cámara de vídeo
- Ordenadores
- Encerado Dixital Interactivo

**Recursos espaciais dispoñibles no centro**

- Aula de idiomas
- Aula de ordenadores
- Patio
- Ximnasio
- Sala de usos múltiples
- Biblioteca
- 

**Distribución do espazo dentro da aula**

- Distribución de pupitres en “U”
- Recantos específicos: biblioteca de aula, temas transversais, xogos, manualidades, etc.

**Materiais curriculares**

**ROOFTOPS 4 - Oxford University Press**

*Guía do Profesor, Libro do Alumno, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, Caderno de Avaliación, DVD, IPACK*

Recursos na web *Oxford Online Learning Zone*

**7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- **Continua e global**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémpanse tres modalidades:
  - Avaliación inicial**. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferencias e unha metodoloxía adecuada.
  - Avaliación formativa**. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
  - Avaliación sumativa**. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

- **Orientadora**, dado que aporta ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

O currículo establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliáveis** por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por **competencias**, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moito máis para facer que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos **indicadores**. Para a súa referencia, se inclúe na seguinte sección a lista completa tanto dos criterios de avaliación como os indicadores de competencias clave.

### Rúbrica de avaliación de competencias

Na **rúbrica** indícase cada unha das competencias clave seguidas da súa especificación en **indicadores**. No modelo correspondente a cada unidade inclúense unicamente as competencias e os indicadores que se desenvolveron concretamente nesa unidade; en cambio, no modelo proposto para a avaliación xeral inclúense tódalas competencias e tódolos seus indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, recoméndase cualificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centrou o profesor, obtendo deste xeito unha visión global da competencia para avaliála seguidamente.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro seguimos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de **instrumentos** que lle permitan obter uns datos concretos. No modelo propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar a modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Os **INDICADORES** nos que se especifican as competencias clave nos permiten demostrar a competencia real do alumno para esta materia e este curso e son os que indicamos a continuación:

### 1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

| Indicadores  |
|--|
| CCL1. ESCOITAR   |
| CCL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá.      |
| CCL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.              |
| CCL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.   |
| CCL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.  |
| CCL1.5. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |

|  |
|--|
| CCL2. FALAR  |
| CCL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.   |
| CCL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronunciación adecuadas.  |
| CCL2.3. Participa en representacións sinxelas.   |
| CCL3. CONVERSAR  |
| CCL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.   |
| CCL4. LER  |
| CCL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o sentido global do mesmo.   |
| CCL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.  |
| CCL4.3. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos utilizando a información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa.   |
| CCL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese.  |
| CCL5. ESCRIBIR   |
| CCL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.   |
| CCL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas. |

## 2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)

|  |
|--|
| Indicadores  |
| CMCT1. Resolve problemas sinxelos sobre situacións familiares.   |
| CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá utilizando os gráficos estatísticos máis adecuados á situación, táboa ou gráfica. |
| CMCT3. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.   |
| CMCT4. Recoñece as relacións entre algúns factores do medio físico (releve, solo, clima, vexetación) e as formas de vida e actuacións das persoas.         |
| CMCT5. Aplica nocións e conceptos científicos básicos para entender o mundo que lles rodea.  |
| CMCT6. Identifica algunhas especies de seres vivos.  |

## 3. Competencia dixital (CD)

|  |
|--|
| Indicadores  |
| CD1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en soporte dixital. |
| CD2. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.     |

## 4. Aprender a aprender (CAA)

|   |
|---|
| Indicadores   |
| CAA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües visuais. |

CAA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para solucionar problemas de comunicación.

CAA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe.

### **5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

#### Indicadores

CSC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

CSC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de palabra.

CSC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira.

CSC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.

### **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

#### Indicadores

CSIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.

CSIEE2. Utiliza estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.

### **7. Conciencia e expresións culturais (CEC)**

#### Indicadores

CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

CEC2. Utiliza técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos escritos.

CEC3. Participa na elaboración de composicións grupais utilizando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos.

**RÚBRICA DE AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS**

| INDICADORES - COMPETENCIAS   | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |               |            |                |  |  | NIVEIS DE CALIFICACIÓN |                            |                            |                           |                       |   |   |
|--|----------------------------|---------------|------------|----------------|--|--|------------------------|----------------------------|----------------------------|---------------------------|-----------------------|---|---|
|  | Observación                | Proba escrita | Proba oral | Caderno de cía |  |  | I                      | N                          | S                          | B                         | NT                    | S | B |
|  |                            |               |            |                |  |  | Non conseguido         | Conseguido con nivel baixo | Conseguido con nivel medio | Conseguido con nivel alto | Conseguido totalmente |   |   |
| <b>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>ESCOITAR</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.  | X                          | X             | X          | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese .  | X                          | X             | X          | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. | X                          | X             | X          | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.                   | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>FALAR</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.                                       | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.  | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Participa en representacións sinxelas.   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>CONVERSAR</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.                                   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>LER</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.  | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.   | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>ESCRIBIR</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.  | X                          | X             |            | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |



| INDICADORES - COMPETENCIAS   | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |               |            |                |  |  | NIVEIS DE CALIFICACIÓN |                            |                            |                           |                       |   |   |
|--|----------------------------|---------------|------------|----------------|--|--|------------------------|----------------------------|----------------------------|---------------------------|-----------------------|---|---|
|  | Observación                | Proba escrita | Proba oral | Caderno de cía |  |  | I                      | N                          | S                          | B                         | NT                    | S | B |
|  |                            |               |            |                |  |  | Non conseguido         | Conseguido con nivel baixo | Conseguido con nivel medio | Conseguido con nivel alto | Conseguido totalmente |   |   |
| Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.  | X                          | X             |            | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Conta números ata o 10.  | X                          | X             | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Resolve problemas sinxelos.  | X                          | X             |            | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas.   | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Aplica nocións e conceptos científicos moi básicos para entender o mundo que os rodea.   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>COMPETENCIA DIXITAL</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.  | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>APRENDER A APRENDER</b>   |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.   | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar a comunicación con xestos, etc.  | X                          |               | X          |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Participa e goza en xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.                                      | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.   | X                          |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| <b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI</b>  |                            |               |            |                |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |
| Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.  | X                          | X             | X          | X              |  |  |                        |                            |                            |                           |                       |   |   |

| INDICADORES - COMPETENCIAS                       | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |               |            |                |  | NIVEIS DE CALIFICACIÓN |   |                            |   |                            |   |                           |  |                       |
|--|----------------------------|---------------|------------|----------------|--|------------------------|---|----------------------------|---|----------------------------|---|---------------------------|--|-----------------------|
|  | Observación                | Proba escrita | Proba oral | Caderno de cía |  | I                      | N | S                          | B | NT                         | S | B                         |  |                       |
|  |                            |               |            |                |  | U                      | E |                            |   |                            |   |                           |  |                       |
|  |                            |               |            |                |  | Non conseguido         |   | Conseguido con nivel baixo |   | Conseguido con nivel medio |   | Conseguido con nivel alto |  | Conseguido totalmente |
| Realiza composicións plásticas sinxelas.         | X                          |               |            | X              |  |                        |   |                            |   |                            |   |                           |  |                       |
| Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz. | X                          |               | X          |                |  |                        |   |                            |   |                            |   |                           |  |                       |
| Participa e goza dos xogos e escenificacións.    | X                          |               |            |                |  |                        |   |                            |   |                            |   |                           |  |                       |

### RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS

| Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade  | Niveis de adquisición |           |          | Instrumentos de avaliación |             |               |            |        |
|---|-----------------------|-----------|----------|----------------------------|-------------|---------------|------------|--------|
|   | adquisiciónEn vías de | Adquirido | Avanzado | Excelente                  | Observación | Proba escrita | Proba oral | Outros |
| <b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>  |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.                         |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.  |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.  |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.   |                       |           |          |                            |             |               |            |        |
| <b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: PRODUCCIÓN E INTERACCIÓN</b>   |                       |           |          |                            |             |               |            |        |

|  | Niveis de adquisición |  |  |  | Instrumentos de avaliación |  |  |  |
|--|-----------------------|--|--|--|----------------------------|--|--|--|
| <b>Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade</b>  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata cunha pronuncia e entoación comprensibles. |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| <b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística..   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| <b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos).                                   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |

| Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade  | Niveis de adquisición |  |  |  | Instrumentos de avaliación |  |  |  |
|---|-----------------------|--|--|--|----------------------------|--|--|--|
| PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL</b>   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.                |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos...).  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.   |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.  |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.11. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. |                       |  |  |  |                            |  |  |  |
| PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.                           |                       |  |  |  |                            |  |  |  |

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Probas obxectivas de avaliación de contidos: 30%
- Probas de avaliación de competencias: 30%
- Actividades orais e escritas: 20%
- Actitude: 20%

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

#### **Consideracións de obrigado cumprimento:**

A decisión de promoción ou non promoción será adoptada polo equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas, tendo especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

O alumnado acadará a promoción sempre que alcance o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez.

Tamén se promoverá cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso, neste caso se adoptarían medidas de apoio precisas para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas.

No suposto de que a decisión sexa negativa, será preceptivo o trámite de audiencia previa dos pais ou tutores do alumno por parte do/a mestre/a titor/a.

O claustro deste centro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción:

1 **Promocionará** aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas.

2 **Promocionará** o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas xa permanecera un ano máis no ciclo.

3 **Non promocionará** o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas de lingua e a de matemáticas. E ó mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias básicas e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no ciclo seguinte.

4 **O alumno con NEAE será avaliado tendo en conta a súa adaptación curricular significativa**, é dicir, tomaranse como referencia para a súa promoción os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas respectivas adaptacións.

### **8.AVALIACIÓN INICIAL**

Na área de Lingua Estranxeira, tratándose dunha materia de avaliación continua, é constante a revisión e a reciclaxe de vocabulario e expresións de alta frecuencia. O curso empeza sempre cunha unidade de repaso para actualizar o asimilado en cursos anteriores e aproveítase para facer unha revisión e recuperar todo o necesario para afondar un pouco máis no coñecemento da lingua. Por medio de xogos e actividades lúdicas detéctanse os puntos febles, así como os alumnos e alumnas que precisan un traballo máis intenso. O caderno de

clase, que volven a empregar, sirve de elemento de consulta para aqueles que necesitan apoio visual para revisar vocabulario ou estruturas traballadas no curso anterior.

Os resultados desta observación inicial determinarán as medidas a adoptar, en moitos casos é preciso preparar actividades de reforzo de grupo ou individuais, así como de extensión, pois o alumnado presenta distintos niveis.

O desexable é poder agrupar aos alumnos de xeito que poidan axudarse entre si e participar todos nas actividades cada un coas súas posibilidades.

## **9.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo coa LOMCE é a *atención á diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras, e deberán ser conscientes en todo momento destas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Propóranse actividades de reforzo e extensión que permitan dar unha atención individualizada ós alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

### ***Critérios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais***

As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirilles alcanzar o seu máximo potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos

conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados como tales.

### ACTIVIDADES DE REFORZO

Deséñanse actividades de reforzo para cada obxectivo, contidos e competencias.

As actividades de reforzo poden ser realizadas cando o remate dunha unidade ou dada a importancia que lle confira o mestre no momento preciso en que se estea a traballar un contido específico e en función da diversidade que se atope cos alumnos.

Para as actividades de reforzo dos alumnos con NEAE se contará co asesoramento das especialistas de PT e AL e co orientador do centro.

As actividades de reforzo poderán ser: as propostas polas editoriais, de elaboración propia, suxeridas polos especialistas en orientación, PT e/ou AL, atopadas en páxinas WEB de recursos educativos e as que se elaborarán no presente curso escolar.

Se é posible e para facelo máis atractivo e que resulte como un reforzo máis, ditas actividades de reforzo se realizarán nos PC de aula o da aula de informática.

Na aula de informática disporase dunha batería de páxinas WEB con recursos educativos, que previamente introducirán nos escritorios dos distintos PC o equipo de dinamización das TIC. Elaborando tamén unha listaxe para os mestres e deixando esta listaxe no taboleiro da sala de profesores.

En ocasións puntuais ditas actividades poden ser apoiadas polas familias, sempre co acordo previo dos proxenitores.

Na medida do posible e con motivo de temas de Coñecemento do medio utilizarase o contorno escolar (ben no propio recinto escolar ou nos arredores do mesmo) e as distintas visitas que se poidan realizar ao concello de Ferrol con motivo de ver algunha obra de teatro ou audición musical. Mesmo aproveitaranse as saídas ao centro da cidade dalgún grupo para que poidan facer algún estudo e observación outros grupos de alumnos, aproveitando así os recursos materiais (custo do autobús).

### 10.AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| ELEMENTOS A AVALIAR                | INDICADORES DE LOGRO  |   |   | Resultado |
|------------------------------------|---|---|---|-----------|
|                                    | Non conseguido  | Conseguido parcialmente   | Totalmente conseguido   |           |
| Programación didáctica.            | Non se adecúa ao contexto da aula.                            | Adecúase parcialmente ao contexto da aula.                              | Adecúase completamente ao contexto da aula.                         |           |
| Medidas de atención á diversidade. | Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas. | Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.         | Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.            |           |
| Obxectivos da materia.             | Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.      | Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso. | Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso. |           |

| ELEMENTOS A AVALIAR | INDICADORES DE LOGRO  |  |  | Resultado |
|---------------------|---|--|--|-----------|
|                     | Non conseguido  | Conseguido parcialmente  | Totalmente conseguido  |           |
| Competencias clave. | Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia. | Desenvolvéronse e parte das competencias clave relacionadas coa materia. | Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia. |           |
| Práctica docente.   | A práctica docente non foi satisfactoria.                                       | A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.                       | A práctica docente foi satisfactoria.  |           |

### **11.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Periodicamente se revisará:

- A adecuación dos obxectivos didácticos e da selección de contidos, segundo o grao de consecución dos mesmos polo grupo de alumnos e alumnas.
- Analizarase a pertinencia das actividades propostas para conseguir os obxectivos e competencias.
- Revisarase as estratexias diversificadas para que dean resposta aos distintos ritmos de aprendizaxes dos alumnos e alumnas.
- Procederase ao análise dos materiais empregados.
- Nas reunións de coordinación de ciclo se intentará mellorar a coordinación analizando o punto no que se atopa o grupo de aula.
- Analizarase se as reunións que se manteñen coas familias son as adecuadas en cantidade e en calidade para que os pais se sintan motivados e apoiem o traballo dos fillos e fillas na casa e na aula.
- Procederase tamén ao análise da distribución dos espazos na aula, de forma de buscar as posibles interaccións que posibiliten unha mellor adecuación ao traballo que se desenvolve.

### **12.INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.**

. Na reunión de pais e nais, por cursos, o 1 de outubro, se procederá a darlles conta da marcha do curso, con normas a seguir e orientacións cara ao estudo dos seus fillos e fillas.

Informáselles dos criterios de promoción de ciclo e dos obxectivos e criterios de avaliación nas distintas áreas, como a información se fai demasiado extensa se lles indicará que teñen á súa disposición ditos documentos na secretaria do centro para poder miralos cando lles sexa preciso. Infórmaselles de como será a avaliación trimestral e de onde sairá a nota de cualificación trimestral.

Ao remate de cada trimestre os pais e nais recibirán o boletín de cualificacións dos seus fillos. Esta información achegará ás familias o grao de desenvolvemento dos seus fillos e fillas canto á adquisición de contidos como tamén do seu avance en competencias.